

## **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN DE A CORUÑA AO RESPECTO DAS CAIXAS DE AFORRO**

Os grupos políticos con representación na deputación da Coruña P.P., PSdeG-PSOE e BNG presentan a seguinte declaración institucional:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O estoupido da crise financeira está a provocar un amplo debate sobre o modelo de caixas de aforro en Galicia, ao que non poden ser alleas as entidades locais. Alén do seu carácter de entidades financieras, as caixas – pola súa natureza fundacional – teñen unha vocación social e unha vinculación co territorio no que se asentan e constitúen o principal instrumento financiador da economía galega.

Por outra banda, a precipitación de acontecementos e novas sobre a reestruturación das entidades de crédito, logo da constitución do Fondo Ordenado de Reestruturación Bancaria (FROB), obriga a ter unha posición común en defensa da galeguidade das caixas de aforro de Galicia, a salvagardar as competencias exclusivas que sobre as caixas de aforro se recoñecen no Estatuto de Autonomía, e a adoptar decisións sin demora que garantan a solvencia das caixas galegas e a recuperación do seu papel de canalización do aforro galego cara os sectores vitais da nosa economía produtiva.

A consecución deses obxectivos necesariamente a que as caixas de aforro galegas manteñan os seus centros de decisión en Galicia, mais tamén a abordar unha reforma legal pola que se reforce a función de protectorado e control público das caixas de aforro, dada a súa natureza e función social, para conectalas coa estratexia económica máis acaída dos intereses económicos do país.

Polo exposto anteriormente o Pleno da Deputación Provincial da Coruña acorda:

- 1.- Apoiar aos tres grupos políticos da Cámara galega no obxectivo de conseguir que o centro de decisión das caixas de aforro galegas se manteña en Galicia.
- 2.- Apoiar igualmente aos grupos parlamentarios galegos no obxectivo de lograr unha lei reguladoras das caixas de aforro galegas que asegure o seu carácter público, o seu compromiso efectivo coa economía produtiva e a criazón de emprego en Galicia, así como a orientación da súa obra social cara a satisfacción das necesidades sociais e culturais do noso país.
- 3.- Trasladar esta declaración institucional aos grupos parlamentarios da Cámara galega.